



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASISTENTES

Presidente: Manuel Meizoso López (*alcalde*)

Vocais: Emilio Riobó Piñón (*vocal suplente, concelleiro delegado de Cultura e Deporte*)
David Rodríguez Sanmartín (*vocal suplente, concelleiro do Grupo Municipal de AIAC*)
Santiago Meizoso Permuy (*vocal, concelleiro do Grupo Mixto-PP*)
José Antonio Meizoso Paz (*secretario-interventor do Concello da Capela*)

Secretaria: Olga Galdo López (*funcionaria municipal*)

Asiste como asesor externo, con voz pero sen voto, D. Jesús Castro Lozano, director da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)

Día: 20 de outubro de 2017

Hora: 9:00 h.

Lugar: Salón de sesións da Casa do Concello

Orde do día:

- 1 Lectura e aprobación, se procede, do borrador da acta da mesa de contratación do día 17 de agosto de 2017
- 2 Apertura do sobre "A" (documentación) correspondente á licitación e contratación da "Subministración de enerxía eléctrica do Concello da Capela"
- 3 Apertura do sobre "B" (oferta económica) correspondente á licitación e contratación da "Subministración de enerxía eléctrica do Concello da Capela"

DELIBERACIÓNS

- 1 Lectura e aprobación, se procede, do borrador da acta da mesa de contratación do día 17 de agosto de 2017

A secretaria da mesa dá lectura á acta da mesa de contratación realizada o día 17 de agosto de 2017, que os membros da mesa asistentes á sesión aproban por unanimidade.

2 Apertura do sobre “A” (documentación) correspondente á licitación e contratación da “Subministración de enerxía eléctrica do Concello da Capela”

A secretaria da Mesa dá lectura á relación de ofertas presentadas durante o prazo establecido para o efecto, que son as seguintes:

EMPRESA	NRE	DATA
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S. A.	1013	06-10-2017
HIDROELECTRICA LUMIMEY, S. L.	1017	09-10-2017

A continuación o presidente inicia a apertura dos sobres “A” comprobando que ámbolos dous presentan a documentación completa e correcta, de acordo co requerido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

3 Apertura do sobre “B” (oferta económica) correspondente á licitación e contratación da “Subministración de enerxía eléctrica do Concello da Capela”

De seguido, o presidente da Mesa procede á apertura dos sobres “B” co seguinte resultado:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S. A.	79.038,20 €anuais (IVE incluído)	95
HIDROELECTRICA LUMIMEY, S. L.	74.900,76 €anuais (IVE incluído)	100



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Á vista dos resultados, o presidente da Mesa propón que, polo órgano de contratación competente (Alcaldía-Presidencia), se lle adxudique o contrato de referencia á empresa que presenta a oferta económica máis vantaxosa: **Hidroelectrica Lumimey, S. L.**

Sen máis asuntos sobre os que deliberar, o presidente da mesa da por finalizada a sesión ás 9:45 horas, de todo o cal eu, secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria